

OBRADOIRO DE TÍTERES EN IGUALDADE

A partir dunha peza de títeres de cachaporra (técnica empregada no espectáculo de marionetas de Barriga Verde), preséntase unha situación de desigualdade e un conflito que se resolve de xeito violento. Os/as participantes deberán reflexionar sobre as posibles solucións non violentas para dito conflito. As solucións quedarán plasmadas en pequenas pezas escritas que serán representadas cos monicreques que os propios/as rapaces/as constrúan con materias de refugallo moi sinxelos.

A Asociación Cultural Morreu o Demo é unha entidade sen ánimo de lucro que traballa polo coñecemento e divulgación do títere tradicional galego. As nosas actividades están dirixidas a diferentes idades e pretenden ser un xeito didáctico e sinxelo de se introducir no mundo do títere e de coñecer a Barriga Verde, personaxe senlleiro deste ámbito e referente fundamental da cultura popular galega do século XX.



Destinatarios/as: alumnado de 1º e 2º da ESO

Relator: Anxo García (titiriteiro e fundador de varias compañías de títeres –Viravolta, Seisdedos, Teatro da Ramboia- e investigador da tradición titiriteira galega).

Datas: luns 21 e xoves 24 venres de febreiro

Horario:

LUNS 21	XOVES 24
15.05 h 2º ESO	11.45 h 2º ESO
15.55 h 1º ESO	12.35 h 1º ESO

Espazo: Salón de actos ou aulas de referencia

Máis info: Departamento de Orientación